



PROXECTO EUROPEO “FROG: FOLLOWING THE ROUTES OF GREENESS”

A Escola de Idiomas de Ferrol está a participar nun proxecto europeo encuadrado no programa de Aprendizaxe Permanente, acción Asociacións de Aprendizaxe Grundtvig que se detalla a continuación.

Centros Participantes

1. Escola Oficial de idiomas de Ferrol – Galicia (España)
2. Centres of English Language Learning “ATHENA” – Karditsa (Grecia)
3. Quarter Mediation- Assen (Holanda)
4. Università delle LiberEta' del FVG – Udine (Italia)
5. Kelmės anglų kalbos klubas "ABC" – Kelme (Lituania)
6. Zawoko NET s.r.o.- Praga (República Checa)
7. Özel Okul Öncesi Eğitim Kurumları Derneği – Konya (Turquía)

Temas:

1. Medio ambiente e desenvolvemento sostible
2. Metodoloxía
3. Cidadanía europea

Duración:

Dende o 1 de setembro de 2012 ata o 31 de agosto de 2014 (2 anos)

Obxectivos da asociación:

- Concienciar da importancia do medio ambiente
- Contribuir a un mundo máis sostible
- Comparar e contrastar as actitudes medioambientais nos diferentes países
- Elaborar material didáctico multimedia sobre o tema
- Promover o uso das novas tecnoloxías entre o alumnado adulto
- Mellorar as habilidades lingüísticas
- Estimular a creatividade
- To promote equal opportunities regardless of age, gender, disability or race

Esta asociación pretende que as organización participantes fomenten a conciencia da necesidade dunha educación para adultos no plano dun medio ambiente máis sostible.

Este proxecto pretende involucrar activamente ao alumnado adulto e ao persoal para que adquiren un sentido de responsabilidade cara o medio ambiente a través de actividades prácticas, dentro e fóra do centro.

Os temas elixidos reflectirán os intereses dos aprendices, incluíndo natureza, contaminación, reciclaxe, ... Ademais, os participantes terán a oportunidade de mellorar as súas competencias en TIC e en linguas estranxeiras a través do uso das novas tecnoloxías e a comunicación cos outros participantes no proxecto.

Resultados esperados e produtos relevantes (ao longo dos dous anos):

- Páxina web do proxecto
- Logo do proxecto
- Exposicións de fotos na web
- Recollida de exemplos de boas prácticas de metodoloxía para educación medioambiental.
- Gravacións en video
- Curso para adultos para impartir a nivel europeo co título “Métodos innovadores e creativos sobre sostenibilidade”
- Ferramenta multimedia interactiva
- Posters, pegatinas e outro material de difusión
- Exposición de fotos física e virtual durante a reunión final

Actividades:

Todas as actividades programadas para estes dous anos en todos os países están encamiñadas á consecución dos obxectivos, resultados esperados e produtos relevantes e están incluídas dentro da programación xeral anual do centro.

As actividades inclúen, por unha banda, as comúns para todos os participantes na asociación, como charlas, organizar e participar en sesión mostra... e por outra banda as de ámbito local, como investigación sobre o tema, andainas con ollo crítico, visitas a parques ecolóxicos e eólicos, contacto con organización e institucións responsables de temas medioambientais.

Reunións internacionais:

- Assen, Holanda: Outubro, 2012
- Praga, República Checa: Marzo, 2013
- Udine, Italia: Xullo, 2013
- Konya, Turquía: Outubro, 2013
- Karditsa, Grecia: Xaneiro, 2014
- Kelme, Lituania: Marzo, 2014
- Ferrol, Galicia: Xuño, 2014